



CONCELLO DE
VALDOVIÑO

Valdoviño

DECRETO DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA Nº 476/2012

Recibida comunicación da Consellería de Traballo e Benestar, do 10/05/2012, pola que se lle tramita o ingreso de anticipo ao Concello de Valdoviño de 15012,59 euros, correspondente ao 50% da cantidade total financiada para os custos salariais de 2 traballadores/as sociais, vistas as competencias atribuídas á alcaldía polo artigo 21 apartado g), da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local, na súa nova redacción modificada pola Lei 11/99, e 57/2003, polo presente **ACORDO**

Primeiro.- Aprobar as bases que rexirán a contratación, con carácter laboral temporal, de **un/ha TRABALLADOR/A SOCIAL** e que son as seguintes:

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/HA TRABALLADOR/A SOCIAL.

PRIMEIRA .- Obxecto da Convocatoria.

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal, a través da modalidade contractual de obra ou servizo determinado, dun/ha TRABALLADOR/A SOCIAL. As retribucións brutas serán as que actualmente está percibindo o persoal subvencionado contratado co mesmo grupo profesional que é de 1545,31 euros mensuais (incluída a parte proporcional das pagas extra), sendo o grupo de cotización o 2 e financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 231.13100

SEGUNDA .- Requisitos dos aspirantes.

Para ser admitido ás probas será necesario:

- a) Ser español/a ou nacional doutro Estado membro da Comunidade Europea nos termos previstos nos art. 57 e 58 da Lei 7/2007 pola que se deroga a Lei 17/1993, do 23 de decembro, sobre o acceso a determinados sectores da Función pública dos nacionais dos demais membros da Comunidade Europea. Poderán participar nos procesos selectivos nacionais doutros Estados da Unión Europea e/ou estranxeiros residentes en España, sen necesidade de que se inclúa expresamente nas Bases específicas de cada convocatoria, de acordo coa Lei orgánica 4/2000 de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa (modificación introducida polo artigo 56.1 c) da Lei 7/2007.
- c) Estar en posesión do título de diplomado/a en Traballo Social
- d) Posuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza
- e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ao



CONCELLO DE
VALDOVIÑO

Valdoviño

Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

f) Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

g) Estar en posesión de permiso de conducir en vigor (tipo B)

Todos os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ó último día de prazo de presentación de solicitudes e conservarse, cando menos, ata a data de toma de posesión.

TERCEIRA: Sistema de selección

A selección realizarase mediante o seguinte sistema:

A) Concurso no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases. Esta fase será posterior á realización das probas correspondentes á fase de oposición.

B) Oposición que será obrigatoria e eliminatoria e consistirá na realización dun exame por escrito, consistente en dous supostos prácticos relacionados co temario establecido no Anexo I. Esta proba será presencial, sendo o tempo de duración, como máximo de 2 horas.

Cada suposto práctico valorarase cunha puntuación máxima de 10 puntos, sendo necesario acadar a puntuación mínima de 5 puntos en cada un deles para superar esta fase e non quedar excluído/a do procedemento de selección; valorarase a profundidade de coñecementos, claridade, rigor na resolución do suposto práctica e a adecuación das conclusións.

A puntuación final da fase de oposición será a suma dos dous supostos prácticos

CUARTA.- Baremo xeral de méritos

Os/as aspirantes achegarán conxuntamente coa instancia para tomar parte no proceso selectivo un Curriculum Vitae, acompañado dos documentos xustificativos, orixinais ou fotocopia compulsada, xa que non se tomarán en conta nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados, dentro do prazo de presentación de solicitudes.

O baremo aplicado na valoración de méritos será o seguinte:

1.- Formación complementaria: (Máximo 3 puntos)

Cursos de formación e perfeccionamento sobre as materias directamente relacionadas coas funcións propias do posto ao que aspira, e impartidos por Administracións Públicas e organismos dependentes das mesmas, universidades, colexio oficial de Traballadores/as Sociais, cámaras de comercio, Servizo Público de Emprego, ata un



CONCELLO DE
VALDOVIÑO

Valdoviño

máximo de 3 puntos, baremados do seguinte xeito:

- Cursos de 20 a 50 horas: 0,10 puntos/curso
- Cursos de 51 a 75 horas: 0,20 puntos/curso
- Cursos de 76 a 100 horas: 0,30 puntos/curso
- Cursos de 101 a 150 horas: 0,40 puntos/curso
- Cursos de 151 a 250 horas: 0,50 puntos/curso
- Cursos de máis de 250 horas: 0,60 puntos/curso
- Por xornadas, seminarios ou congresos a partir de 5 horas: 0,05 puntos por cada un deles.

Non se valorarán aqueles cursos, xornadas, seminarios ou congresos nos que non exista constancia da súa duración

Para xustificar os cursos realizados, deberán presentar títulos orixinais ou fotocopias compulsadas que reflectan a entidade que o imparte, o número de horas, e o contido.

2.- Experiencia profesional (máximo 9 puntos)

- Por servizos prestados na Administración Pública Local, de forma remunerada, relacionados directamente coas funcións propias da praza que se convoca: 0,25 puntos por cada mes.
- Por servizos prestados en empresas privadas ou entidades sociais, de forma remunerada, relacionados directamente coas funcións propias da praza que se convoca: 0,20 puntos por cada mes.

Non se terán en conta períodos inferiores ao mes.

No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100%, entón a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

Para xustificar a experiencia laboral, deberán presentar o certificado de vida laboral xunto coa documentación acreditativa que especifique o posto de traballo ou funcións desenvolvidas (contratos, certificados de empresa, etc). No caso de traballo por conta propia, ademáis do certificado de vida laboral, contrato de servizos, alta no IAE, etc.

3.- Outros méritos: (ata un máximo 1 punto).

Celga 3 ou equivalente debidamente homologado: 0, 5 puntos.

Celga 4 ou equivalente debidamente homologado: 0, 75 puntos.

*(No caso de que o candidato posúa os Celga 3 e Celga 4, só se valorará o Celga 4).

Cofecementos de informática debidamente acreditados: 0,25 puntos



CONCELLO DE
VALDOVIÑO

Valdoviño

QUINTA: Puntuación final

A puntuación final será o resultado de sumar a puntuación obtida na fase de oposición e na fase de concurso.

SEXTA .- Solicitudes.

As solicitudes, presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello no prazo de **5 días naturais** a partir do seguinte ó da publicación do anuncio desta convocatoria nun diario dos de maior tirada na comarca.

Así mesmo as Bases desta convocatoria deberán publicarse no taboleiro de anuncios deste concello e na páxina web municipal www.concellodevaldovino.com

As persoas que desexen tomar parte no proceso de selección deberán facelo constar en solicitude dirixida ó señor Alcalde Presidente do Concello de Valdoviño, na que farán constar que reúnen tódolos requisitos sinalados na base segunda anterior.

As instancias poderanse remitir tamén na forma determinada no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, en cuxo caso deberán enviar a solicitude por fax (981 487 294) dentro do citado prazo de presentación de solicitudes.

Xunto coa instancia achegarán:

- Fotocopia do D.N.I. compulsada
- Fotocopia do permiso de conducir compulsada.
- Declaración responsable conforme se dispón de coche para utilizalo.
- Curriculum Vitae e xustificación documental, orixinais ou fotocopias compulsadas, do mesmo para a súa valoración.

Rematado o prazo de presentación de instancias ditarase resolución pola que se aprobará a lista provisional de admitidos/excluídos que será publicada no taboleiro de edictos deste Concello e a páxina web, concedéndose o prazo de dous días para reclamacións designando o tribunal cualificador. As reclamacións, se as houber, serán resoltas na resolución pola que se aprobará a lista definitiva. Esta resolución igualmente publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web.

SÉTIMA: Proposta de selección

Ao rematar a fase de selección o tribunal realizará unha proposta da persoa aspirante preseleccionada.

En caso de que o aspirante preseleccionado rexeite o posto de traballo o aspirante



CONCELLO DE
VALDOVIÑO

Valdoviño

que obtivo o segundo lugar poderá ocupar dita praza e así sucesivamente.

NOVENA : Tribunal Cualificador.

O tribunal cualificador estará formado por seis membros: un/ha presidente/a, secretario/a e catro vogais e quedará integrado polas persoas que designe o Alcalde entre empregados públicos, publicándose a súa composición consonte á base Sexta, coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo.

A composición do tribunal será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para este proceso de selección.

O Presidente do Tribunal poderá dispoñer a incorporación ao Tribunal doutros asesores especialistas para as probas que considere pertinentes, limitándose os devanditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e actuando con voz pero sen voto.


O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, da metade máis un dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou os que legalmente o substitúan.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicarllelo a autoridade convocante cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 28.2 da lei 30/1992, do 26 de novembro. Os aspirantes poderán recusa-los membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

Os membros do Tribunal están suxeitos ó disposto no artigo 28 da Lei 30/1992, de Réxime xurídico das administracións públicas de do procedementos administrativo común, e ós dereitos por indemnización por asistencia, do artigo 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

Mándoo e asínoo en Valdoviño a 20 de novembro de 2012

O alcalde



Asdo.: José Antonio Vigo Lago

A secretaria



Asdo.: Carlota González Navarro



CONCELLO DE
VALDOVIÑO

Valdoviño

ANEXO I

TEMARIO:

1. Código deontolóxico do traballo social
2. Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
3. Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento

Funcións dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos:

- a) O estudo e diagnose social da comunidade (detección e análise de necesidades e demandas)
- b) A elaboración dun plan de intervención comunitario acorde coas necesidades detectadas ou anticipadas da diagnose social.
- c) A identificación de grupos de poboación e persoas socialmente vulnerables e a detección precoz de situacións de risco ou desprotección para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social.
- d) A atención das situacións individuais e familiares, a información en relación coas demandas presentadas, a diagnose e a valoración técnica. Derivacións.
- e) A participación na xestión das prestacións económicas e o seguimento dos correspondentes proxectos personalizados de intervención nos termos establecidos na normativa específica en materia de inclusión social.
- f) A xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable.
- g) A información, a orientación e o asesoramento a toda a poboación, facilitando o seu acceso aos recursos sociais.
- h) O fomento da participación activa da cidadanía mediante estratexias socioeducativas que impulsen a solidariedade e a cooperación social organizada.



CONCELLO DE
VALDOVIÑO

Valdoviño

- i) O mantemento actualizado do sistema de información de persoas usuarias.
- j) A coordinación efectiva cos distintos sistemas de benestar e protección social que actúen no seu territorio, así como coas entidades de iniciativa social autorizadas que poidan complementar a súa actuación.
- k) A cooperación con outras administracións e poderes públicos na remisión de información necesaria nos procedementos que correspondan en relación cos servizos sociais comunitarios e as súas persoas usuarias, sen prexuízo da observación das garantías establecidas na normativa sobre protección de datos de carácter persoal.

Programas dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos:

- a) Programa de valoración, orientación e información en materia social ás persoas, grupos ou á comunidade en xeral.
 - b) Servizo de axuda no fogar (SAF). Orde do 22 de xaneiro de 2009.
 - c) Servizo de educación e apoio familiares Programa básico de inserción social (situacións de risco ou exclusión social, prestacións económicas-RISGA, EMERXENCIA SOCIAL...)
 - d) Programa de fomento da cooperación e solidariedade social.
4. Apoio informático nos Servizos Sociais Comunitarios (SIUSS, MATIASS...)
 5. Territorio municipal de Valdoviño
 6. Recursos e servizos sociais locais e comarcais
 7. Lei 39/2006, do 14 de decembro de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a persoas en situación de dependencia e normativa de referencia posterior (Real Decreto 504/2007, do 20 de abril; Decreto 15/2010, do 4 de febreiro; Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro).
 8. Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
 9. Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia
 10. Equipo interdisciplinar no Departamento de Servizos Sociais Comunitarios



CONCELLO DE
VALDOVIÑO

Valdovíño

- 11.** Coordinación con servizos sociais especializados e/ou outras entidades relacionadas.
- 12.** Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal